

abaixo e á esquerda  
está o corazón

# Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 5 | XUÑO 2011

## O FUTURO DO MOVEMENTO 15-M

Un bo escenario sería o xurdimento dunha forza social asemblearia e anticapitalista, antipatriarcal, antiprodutivista e internacionalista, que apostase pola autoxestión e se abraza ás achegas doutros sectores da sociedade que aínda non espertaron



**CARLOS TAIBO**  
Profesor de  
Ciencia Política  
da Universidade  
Autónoma de  
Madrid. Mem-  
bro do Consello  
Editorial de  
Altermundo

**Non é unha tarefa sinxela a de pronunciarse sobre o futuro do movemento 15-M. O máis probable é que, conforme á vontade maioritaria, se disolvan antes ou despois as acampadas –é preferible pechar racional e xocosamente esta etapa– e se**

**proceda a trasladar a actividade a barrios e pobos.**

Todo iso entendendo ben que a posibilidade de restaurar o esquema inicial de concentracións con poderoso eco mediático non ficará de ningún xeito cancelada e de que, claro está, o ritmo dos feitos pode ser diferente nos distintos lugares.

O tránsito do recinto do espectáculo mediático ao máis modesto da acción local, aínda que de ningún xeito obriga a cancelar posibles iniciativas –campanhas, manifestacións– de carácter xeral, parece deslizar o movemento cara a unha tarefa máis difícil e moito menos vistosa, á vez que, no sentido contrario, reduce os riscos de burocratización e os intentos de copalo desde fóra.

Non está de máis que engada unha observación sobre a singularidade propia da época do ano na que nos atopamos: a proximidade do verán tanto pode ser un inconvinte insalvável –as iniciativas e as mobilizacións redúcense por forza na maioría dos lugares– como unha excelente oportunidade para recobrar forzas e expor unha ofensiva en toda regra a partir do vindeiro mes de setembro.

Tamén hai que tomar en consideración o feito, ben interesante, de que o movemento viu a luz nun intre marcado polo final do curso en universidades e institutos, algo que reduciu as súas posibilidades de despregamento nunhas e outros. A planificación respecto diso destas cuestións –que convida a pensar inevitablemente no medio prazo– é, en calquera caso, unha tarefa vital



Madrid, acampada na Porto do Sol (20/05/2011)

no momento presente, tanto máis se se convocan eleccións xerais para o outono.

Se se me pide un prognóstico sobre o que entendo vai acontecer co movemento –e non sen antes avisar que no camiño pendem varias incógnitas, e entre elas os efectos previsíbeis dos intentos de moderar o discurso, por unha banda, e da violencia que o 15-M padecerá, po-

la outra–, limitareime a expor catro horizontes posibles.

O primeiro non é outro que o vencellado cun rápido e imparábel declive; paréceme que semellante perspectiva é farto improbable, tendo en conta a vitalidade presente das iniciativas e da xeral vontade de ir a máis.

O segundo fálanos dun eventual intento de colocar o move-

mento na área política, a través da xestión dunha nova formación ou da incorporación a algunha xa existente. Coido firmemente que as posibilidades desta opción son moi reducidas, na medida en que a maioría dos integrantes do 15-M non parecen sequera contemplala. Non pode descartarse por completo, con todo, unha mecánica de divisións e escisións, nun grao ou

outro vinculábel con este segundo horizonte.

Unha terceira perspectiva dinos que o movemento podería dar pé a unha sorte de extensión xeral, máis ben vaga, dispersa e anómica, de formas de desobediencia civil fronte á lóxica do sistema que padecemos. Non descarto de ningún xeito esa posibilidade, que sería unha sorte de manifestación abortada do que me gustaría que cobrase corpo realmente.

Falo do cuarto, e último, horizonte, artellado ao redor dunha forza social, que desde perspectivas orgullosamente asemblearias e anticapitalistas, antipatriarcalas, antiprodutivistas e internacionalistas, apostase pola autoxestión xeneralizada e inevitablemente se abraza ás achegas que deben chegar de sectores da sociedade que aínda non espertaron. Esa forza, que tería que acoller no seu seo, claro, ao movemento obreiro que aínda planta cara ao sistema e se enfronta aos sindicatos maioritarios, provocaría o afastamento dunha parte de quen en principio se incorporaron ás manifestacións e acampadas.

Só se me ocorre aducir dous argumentos en proveito da materialización do último horizonte mencionado: se, por unha banda, en moitas das asembleas realizadas nas acampadas reveláronse por igual unha sorprendente madurez e unha máis que razoábel radicalidade nos enfoques –pasouse a miúdo da contestación da epiderme que supón a corrupción e a precariedade á do corazón do capitalismo e a explotación–, pola outra debemos dar por descontado que os nosos gobernantes non van querer baixar da burra, isto é, non van modificar un chisco o guión das súas políticas. O feito de que decidan morrer ao servizo do capital move audazmente, noutras palabras, o noso carro. ●

**Altermundo.org**

Na web de Altermundo pódese consultar unha escolma de artigos sobre o movemento 15-M: [www.altermundo.org/tag/democracia-real-xa/](http://www.altermundo.org/tag/democracia-real-xa/)





**N. MANIMEKALAI** Directora do Centro de Estudos das Mulleres da Univ. Bharathidasan (India)

## "A colonización, o capitalismo e o patriarcado tratan de invisibilizar o **traballo feminista**"



IMPLICADAS  
NO DESENVOLVEMENTO

O seu contexto vital non encaixa co prexuízo que moita xente aínda ten sobre os feminismos como un movemento de mulleres occidentais, brancas de clase alta. Podería contarnos algo diso e de como chegou a ser feminista?

A cuestión é máis de visibilidade que doutra cousa, tamén como herdanza colonial, cando eran as mulleres de clase/caste alta as que obtiñan certa visibilidade. Aínda así, sexa no movemento Chipko, na loita contra o acoso sexual, a dote, a violencia de xénero ou a reclamación de igual salario por igual traballo, son as feministas de base e de casta baixa as que contribúen e crean os movementos. A colonización, o capitalismo e o patriarcado danse a man para invisibilizar o noso traballo. Eu mesma nacín nunha zona rural no seo dunha familia con moitas dificultades económicas e sociais. A miña nai é analfabeta e nacín nunha aldea coñecida pola alta incidencia de infanticidio feminino. Dende a miña infancia tiven que me enfrontar á sociedade para poder acceder á educación,

alimento e atención sanitaria ante unha falta de apoio total da familia, que se negaba a mandarme á escola a partir de 5º curso e que só accedeu cando asegurei que me ía seguir encargando do gando, de recoller auga e demais tarefas domésticas. Estas experiencias centráronme na miña educación como forma de mellorar a vida. Nesa época xa era quen de observar as grandes desigualdades de xénero dentro das familias e

por iso acabei traballando en temas deste tipo con outras mulleres de clase e caste baixa, porque os problemas que se experimentan son diferentes aos das mulleres de clase alta. Así, a miña propia experiencia é a que fixo de min unha feminista, aínda que formalmente non me decatei de que o era ata que cheguei ao posto de Directora do Centro de Estudos das Mulleres.

**E como é na práctica ese traballo dende a base?**

É unha acción global na que cómpre traballar dende moi distintas facetas porque todas están relacionadas. Eu traballo tanto con temas relativos ao VIH como con aspectos de promoción do emprego pasando pola promoción xeral de dereitos. Exemplos deste traballo son a creación da Asociación de Empresarias de Tamil Nadu ou o apoio ao establecemento de pequenas e non tan pequenas empresas por parte das mulleres dos grupos de axuda mutua, unha metodoloxía moi potente para o empoderamento global das mulleres.

**Vense resultados palpables?**

Claro, dende Indirani que aprendeu a conducir grazas ao traballo do noso Centro e

**D**URANTE O PASADO MES DE ABRIL, IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO ORGANIZOU A ESCOLA FEMINISTA CO TÍTULO 'CENTROS E PERIFERIAS', CO OBXECTIVO DE REFLEXIONAR, DENDE O OLLAR DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO, SOBRE A IMPORTANCIA QUE A DIVERSIDADE DE VOCES TEN PARA AS TEORÍAS E O ACTIVISMO FEMINISTA. A DRA. MANIMEKALAI FOI UNHA DAS DOCENTES CONVIDADAS



obtivo crédito para mercar un taxi, o cal a fai a única muller taxista de cidade de Tiruchy, ata Inbavalli que comezou vendendo petiscos na rúa por menos de 15 euros ao mes e rematou cunha empresa na que gaña 800 euros e emprega a 20 persoas, entre elas o seu home e fillos. Traballamos tamén a miúdo con mulleres seropositivas, substituídas ou con discapacidade. Un grupo de 60 mulleres que antes exercían a prostitución xestionan agora unha empresa de produción de caldeiras e son provedoras do goberno! O meu traballo tamén xira ao redor do Consorcio de Hixiene Menstrual para rachar co que chamamos a cultura de silencio con respecto á

Por suposto, son moitas as feministas que traballan dende a base en Tamil Nadu. Podo reseñar o traballo da escritora e Directora de Asuntos Sociais de Tamil Nadu, Salma, que en xuño estará en Galicia dado que acaban de traducir a súa novela *Despois da medianoite* ao galego e que é colaboradora habitual de Implicadas. A súa escrita e o seu activismo son fundamentais para nós, así que recomendo que a xente aproveite para escoitala.

**E xa que fala de Implicadas, como foi a escola feminista e o traballo coa organización galega?**

Para min foi un paso fundamental en do-

papel das consumidoras e consumidores do Norte coa explotación das mulleres do Sur. Sen esas reflexións non podemos ver as consecuencias brutais do patriarcado-capitalismo para as mulleres dos nosos países nunha auténtica recolonización.

**Disto falou na Escola, daquelas?**

Si, pero tamén co obxectivo claro de formar alianzas en pé dunha igualdade onde as mulleres do Sur teñamos voz. A cooperación ao desenvolvemento adoce de falta de teoría feminista, xa non digamos de práctica, o que é fundamental para países como a India onde as ONGs locais contribúen e inflúen nas políticas públicas. Este tipo de iniciativas deben continuar para establecer e loitar contra os vínculos dos que falaba antes, a ser posible en diferentes lugares e animo a todo o mundo a que apoie o labor de Implicadas, teñen neste intre unha campaña fundamental na que nos apoian na loita contra o infanticidio feminino, *non pode faltar ninguén!* No meu caso planifico xa unha escola semellante e xa contactei con algunhas compañeiras de Tamil Nadu e agardo a visita de María Reimóndez, a presidenta de Implicadas, aos seus proxectos na nosa cidade para contar con ela nese traballo. Esperamos que asistan activistas, profesoras, políticas, alumnado, mulleres de diferentes clases e contextos porque só ese traballo conxunto, con perspectiva de posición, pode axudar a cambiar o mundo. ●

**+INFO:** [www.200implicadas.com](http://www.200implicadas.com)

**A COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO ADOECE DE FALTA DE TEORÍA FEMINISTA, XA NON DIGAMOS DE PRÁCTICA, O QUE É FUNDAMENTAL PARA PAÍSES COMO A INDIA**

menstruación. Son moitas as mulleres de zonas rurais que aínda teñen que durmir á intemperie cando lles vén a regra porque se consideran impuras e moi poucas coñecen o seu corpo, as prácticas hixiénicas, etc. O uso de trapos fai que as infeccións do tracto urinario e aparato reprodutor sexan un problema de saúde oculto e con tremendos efectos nas súas vidas.

**Imaxinamos que é un traballo en compañía...**

us sentidos, por unha banda para rachar a distancia entre a teoría e a práctica, algo que procuro en todo o que fago, e pola outra como unha ponte entre o traballo das feministas do Norte e do Sur. Isto é algo fundamental para rachar os vínculos entre o patriarcado e o capitalismo a nivel mundial. Hai pouco realice un estudo da explotación das adolescentes nas fábricas do téxtil de Tamil Nadu, que Implicadas publicará en breve no volume *Norte-Sur, Xénero no Centro* e que pon en relación o



# INSURRECCIÓN ÁRABES: CINCO PRIMEIRAS LECCIÓN

Como xa acontecera en América Latina, as revolucións nacionais estendéronse a escala rexional produto da converxencia de movementos sociais de todo o Magreb-Mashreq



**GUSTAVE MASSIAH**  
Economista.  
Ex presidente do CRID (Centre de Recherche et d'Information pour le Développement) e ex vicepresidente de ATTAC. É membro do Consello Internacional do Foro Social Mundial

As revolucións árabes, máis aló das súas diferentes denominacións, xa nos ensinaron moito. Constitúen acontecementos, en todos os sentidos, dificilmente predicíbeis, salvo a posteriori, e que abren un novo futuro. Daquela propoñámonos poñer en evidencia cinco leccións que podemos tirar delas.

A **primeira lección** é que a situación pode, efectivamente, ser cualificada como revolucionaria. Xa sabiamos que estabamos nunha situación de crise: crise do neoliberalismo como unha fase da globalización capitalista; crise dos fundamentos do sistema capitalista; crise da civilización occidental e máis da súa hexemonía. Mais os levantamentos dos pobos da rexión do Magreb e do Mashreq mostran que isto non é simplemente unha crise. Ten que ver co sentido que daban Lenin e Gramsci á definición dunha situación revolucionaria: “cando os de abaixo xa non queren ser gobernados por máis tempo, e cando os de arriba xa non poden gobernar por máis tempo”.

A **segunda lección** ten que ver coa afirmación decidida das grandes reivindicacións: a cuestión social, o rexeitamento da corrupción, as liberdades, a independencia. Isto é unha confirmación das moitas contradicións da situación actual: o predominio das contradicións sociais entre as clases populares e as oligarquías; a explosión das desigualdades sociais e da corrupción; as contradicións ideolóxicas ao redor da cuestión fundamental das liberdades; as contradicións xeopolíticas relacionadas coa hexemonía occidental. As contradicións ecolóxicas non están ausentes, especialmente ao redor da cuestión das materias primas, da terra e da auga, pero non están aínda tan explicitamente presentes como noutros movementos en América Latina ou Asia.

As insurreccións poñen en evidencia a evolución das contradicións sociais. Reflicten que as oligarquías dividiron ás clases dominantes. Na rexión, estas reducíronse a clans de especuladores apoiados nas policía, nas milicias e nos servizos de intelixencia para facerse valer fronte os exércitos que estiveran no poder. Subliñan que a corrupción, por mor da concentración de sumas fabulosas nas mans da oligarquía, é a resultante estrutural do neoliberalismo e que gangrena a economía e a política mundiais.

A **terceira lección** é que, ao rebelarse ao seu xeito, unha nova xeración fíxose co facho revo-



lucionario. Non se trata tanto da mocidade definida como un grupo de idade, como dunha xeración cultural que se insire nunha situación e a transforma. Pon de relevo as profundas transformacións sociais relacionadas coa poboación escolar que se reflicte por unha banda na fuga de cerebros, a pola outra no número de licenciados en paro. As migracións conectan esta xeración co mundo e as súas contradicións en termos de consumo, de cultura, de valores. Os resultados son certamente contraditorios, mais reducen o illamento e o confinamento. Os desempregados diplomados constrúen unha nova alianza entre os mozos e mozas das capas populares e os das capas medias.

Esta nova xeración está a construír unha nova cultura política. Muda o xeito de vincular os factores determinantes das estruturas sociais: as clases e os es-

tratos sociais, as relixións, as referencias nacionais e culturais, as pertenzas de xénero e de idade, as migracións e as diásporas, os territorios. Experimenta con novas formas de organización a través do dominio das redes dixitais e sociais, as experiencias de auto-organización e a horizontalidade. Trata de definir, en diferentes situacións, formas de autonomía entre os movementos e as instancias políticas. Polas súas esixencias e a súa inventiva, lémbraos á contundente frase de Frantz Fanon: “cada xeración debe descubrir a súa misión, para cumprila ou para traizoala.”

A **cuarta lección** é que a aposta é a da democratización a escala da rexión Magreb-Mashreq. A partir das situacións nacionais, a partir do detonador tunisiano e a partir da conflagración exipcia, a insurrección despregouse coas súas especificidades sobre toda a rexión. Hai

que tratar de comprender como, nun intre dado, un pobo non ten medo a se rebelar. E os pobos rebeláronse a escala da rexional. Descubriron a natureza das ditaduras poñendo en cuestión o papel que lles dera a hexemonía occidental. Mostraron a realidade das catro funcións que cumprían estas ditaduras: a garantía do acceso ás materias primas; a garantía dos acordos militares e particularmente dos tratados con Israel; a “contención” do islamismo; e o control dos fluxos migratorios. A rebelión dos pobos tradúcese por unha revelación e unha toma de conciencia, participa na abolición das imposibilidades. Un novo enfoque é indispensable e estase a volver posíbel.

A onda de democratización desprégase a escala das rexións xeoculturais, como xa puidemos ver noutras rexións do planeta. As situacións específicas son nacionais e non son anuladas pola escala rexional. É a escala nacional que se definen as relacións nos Estados, nas institucións e nas instancias políticas, que se entrelazan as alianzas e que se desatan as situacións, que se constrúen as transicións. Emporiso, a escala rexional é dun grande interese. Así como un pobo se constrúe pola historia das súas loitas, unha rexión constrúese tamén a partir das súas transformacións e a partir da converxencia da acción dos seus pobos. É esta construción da rexión Magreb-Mashreq o que está en proceso.

Non deixa de ter interese o referírmonos ao exemplo de América Latina, que era hai aínda trinta anos un continente enchido de ditaduras. As revolucións populares as derrubaron. E sucedéronlles as democracias. Mais foron controladas por burguesías que colocaron réximes de crecemento neoliberal, correspondéndose coa lóxica dominante daquel período. Deron como resultado un chisco de democratización e moitas loitas sociais. Os Estados Unidos fixeron evolucionar a súa dominación aprendendo a pasar do control das ditaduras ao control das democracias. Pero, neste proceso, os novos movementos sociais e os cidadáns evolucionaron en América Latina, modificando a situación en numerosos países e en toda a rexión. A evolución non se ten que contemplar a curto prazo, senón á escala dunha xeración. Na rexión o Magreb-Mashreq, cales serán os novos movementos sociais e os cidadáns que van emerxer?

A **quinta lección** é que o novo período abre a posibilidade dunha nova fase da descolonización. O neoliberalismo comezou cunha ofensiva contra a primeira fase da descolonización; unha empresa de recolonización constituída polo G7, que era daquela G5, o club das antigas potencias coloniais, incidiron sobre o control das materias primas e a dominación do mercado mundial. Esta ofensiva foi construída ao redor da xestión da crise da débeda, os plans de axustamento estrutural, as intervencións do FMI, do Banco Mundial, da OMC, sen contar as intervencións militares. Esta recolonización apoiouse nos réximes represivos e oligárquicos dos países descolonizados, nados da rotura das alianzas de liberación nacional entre os pobos e as elites. Esta entrega dos pobos do Sur precedeu ao axustamento no mercado mundial dos capitais dos traballadores dos países do Norte, ao redor das políticas de desemprego, de precarización e de posta en causa das proteccións sociais e dos servizos públicos.

A nova fase da descolonización correspondería á pasaxe da independencia dos Estados á autodeterminación dos pobos. Como precisaba desde 1976 a Carta dos Dereitos dos Pobos, cada pobo ten dereito á autodeterminación externa, contra toda forma de dependencia exterior. Ten dereito tamén á autodeterminación interna, é dicir a un réxime democrático, no sentido dun réxime que garanta as liberdades individuais e colectivas. Esta nova fase da descolonización necesita un novo impulso da solidariedade internacional. Esta solidariedade constrúese na converxencia cara un outro mundo posíbel. Comeza coa converxencia dos movementos. Trátase de movementos obreiros, de asalariados, de campesiños, de mulleres, de defensa dos dereitos humanos, de mozos e de mozas, de pobos indíxenas e de ecoloxistas, de pobos sen Estado, de emigrantes e de diásporas, de habitantes, etc. Esta converxencia progresou no espazo dos Foros Sociais Mundiais ao redor dunha orientación estratéxica: inventar a igualdade de dereitos para todos e todas a escala mundial e reafirmar o imperativo democrático. Os numerosos movementos da rexión Magreb-Mashreq participan activamente nestas converxencias. O que achegan de novo as revolucións da rexión é a actualidade e a importancia da converxencia dos pobos en movemento. ●





DENDE O CONSELLO EDITORIAL

sinpermiso

www.sinpermiso.info

# CARTA AO CIDADÁN BOTÍN

Gostaría dirixirme a vostede nun lugar que nos sexa común aos dous, un espazo de igualdade, e o único que atopo é o habitáculo da cidadanía. É certo que nese habitáculo eu non me atopo con persoas coma vostede, e de seguro, tampouco se atopa a persoas coma min; mais pode ser un bo lugar para os dous, para sentirmos cómodos e en igualdade; eu aspiro a unha cidadanía en plenitude e vostede precisa recuperala, agardo explicarme ao longo desta carta.

Sexa ou non consciente, como dixen, precisa volver a recuperar a cidadanía; ao longo da historia e desde moi diversas filosofías e tradición políticas falouse, e fálase, de que a riqueza é unha ameaza; unha ameaza di-reta á condición de ser humano e por tanto, na súa condición comunitaria, que todo ser humano ten, de cidadán. Explicareime. Como digo, sexa consciente ou non vostede é responsábel do dereito da indignación de milleiros de cidadáns en todo o Estado e na Galiza en particular. Estes son tempos de indignación (porque hai dignidade) e por tanto de sinalar as causas que provocan esa indignación, de sinala-la a vostede.

[...] Na Revolución Francesa, caro Emilio, superouse a antiga etapa histórica estamental; non se pretendeu que uns estamentos fosen máis habitábeis, senón eliminalos; a monarquía e a aristocracia posuían a capacidade de dominación total sen estar suxeitos a nada, a etapa revolucionaria pretendía o reinado apacíbel das leis; dúas son as ideas fundamentais, que seguen a sustentar os alicerces da cidadanía actual: unha que todas as persoas están suxeitas á mesma Lei, aínda que estas se poidan mudar, son

iguais ou deberían ser, para todas e todos; a segunda cuestión é que se ben a propiedade privada non foi obxec-to dunha restrición moi grande si tiña un límite, a República. Que quere di-cir isto? A República (hoxe entendi-da como os Estados) debe ser garan-te deste reinado apacíbel e por tan-to,



ningunha vontade individual pode ser superior a da República no seu conxunto. Seguro que xa entende por onde vou.

Vostede vulnera estes dous prin-cipios, mais o problema fundamental está nesta segunda cuestión. Ben pola súa capacidade de acumulación, ben pola súa vontade de acaparar unha propiedade privada ilimitada, eli-minou a cuestión constitutiva de todo ser humano, de toda ser persoa, a comunidade; converteuse vostede, non nun cidadán membro dunha comunidade (sociedade civil) onde desenvolver a súa condición de igual, senón no posuidor material desta co-munidade. Da súa vontade persoal depende a nosa condición de cida-danía.

[...] A vostede faille graza, seguro, ver a milleiros de persoas indignadas coa situación actual, igual que non lle importa que os seus investimentos enerxéticos poñan en perigo a super-videncia da especie humana no pla-neta, ao igual que o colaboracionis-mo que vostede ten coas guerras que hai no planeta, sobre todo nos países máis pobres, importadores maiorita-rios do armamento que vostede finan-za nas industrias armamentísticas do chamado primeiro mundo; do mes-mo xeito que financia medios de co-municación e que sustenta a activida-de económica dos partidos políticos maioritarios do Reino de España.

[...] Mais está souzinho, coma din os nosos irmáns e as irmás; tamén é presa da riqueza, da acumulación e da responsabilidade histórica de quen condiciona a existencia material da ci-dadanía; de quen usurpou o valor do coletivo. Na tradición galega falamos de irmáns no senso daquel valor repu-blicán da fraternidade; irmáns e irmás na construción dun coletivo que vos-te pretende apoderarse para uso e disfrute individual...

Convídoos a volver ao habitácu-lo común da cidadanía, e que recu-pere a súa dignidade e a capacidade de abrandar os seus sentidos (que deben estar sumamente podres e es-quecidos) para sentirse irmán dos que o rodean; de non ser así, vostede ca-nalla e traidor será maldicido pola ra-bia da dignidade e pasarán xeracións e xeracións recordado como o tirano contemporáneo e a súa estirpe será al-draxada polas xentes do común, pola alma coletiva, polos auténticos pro-tagonistas da historia. ● [Raúl Ase-gurado, raulasegurado.wordpress.com, 30/05/11]

## Manifesto do Rossio: o FMI mata



O manifesto aprobado o pasado domingo (o 23 de maio) na Praza do Rossio acusa ao rescate do FMI e da Unión Europea de "secuestrar a democracia e as nosas vidas" e afirma que a democracia real non existirá baixo a ditadura financeira. Velaquí o texto:

"Nós cidadáns e cidadás, mulleres e homes, traballadores e tra-balladoras, migrantes, estudantes, persoas desempregadas, refor-madas, unidas pola indignación ante a situación política e social su-focante que nos negamos a aceptar como inevitábel, ocupamos as nosas rúas. Xuntámonos do mesmo xeito que aqueles que no mun-do loitan hoxe polos seus dereitos fronte á opresión constante do sistema económico-financieiro vixente.

De Reikiavik ao Cairo, de Wisconsin a Madrid, unha onda popular varre o mundo. Sobre ela, o silencio e a desinformación da co-municación social, que non cuestiona as inxustizas permanentes en todos os países, pero só proclama como inevitábeis a austeridade, a fin dos dereitos, o funeral da democracia.


A democracia real non existirá en tanto o mundo sexa adminis-trado por unha ditadura financeira. O rescate asinado á nosa costa co FMI e a Unión Europea secuestrou a democracia e as nosas vi-das. Os países nos que o FMI intervéen en todo o mundo sofren unha caída brutal da esperanza media de vida. O FMI mata! Só podemos rexeitalo. Rexeitamos que nos recorten os salarios, pensións e axu-da social, mentres os culpábeis desta crise son salvados e recapita-lizados. Por que temos que optar vivir entre o desemprego e a precariedade? Por que que queren quitarnos os servizos públicos, roubándonos, mediante as privatizacións, aquilo que pagamos to-da unha vida? Respondemos que non. Defendemos o retiro do plan da Troika. Seguindo o exemplo doutros países do mundo, como Is-landia, non aceptaremos hipotecar o noso presente e o futuro por unha débeda que non é nosa.

Rexeitamos aceptar o roubo de horizontes para o noso futuro. Pretendemos asumir o control das nosas vidas e intervir efectiva-mente en todos os procesos da vida política, social e económica. Es-tamos facéndoos hoxe nas asembleas populares reunidas. Apelamos a todas as persoas a que se xunten, nas rúas, nas prazas, en cada cornecho, baixo a sombra de cada estatua, para que, unidas e uni-dos, podamos cambiar dunha vez as regras viciadas deste xogo.

Isto é só o inicio. As rúas son nosas. ● ["Portugal: ¡el FMI mata! Sólo podemos rechazarlo". 29/05/11]

THE GUARDIAN: www.guardian.co.uk

WICKED MAGAZINE




## Dominique Strauss-Kahn e a camareira sindicada

[...] Imaxinen a situación da presunta vítima de Strauss-Kahn se non estivese protexida, como está, por un carné sindical. Trátase dunha nai nva e inmigrante que necesita este emprego pa- ra manter á súa familia. Aparentemente non co-ñecía a identidade de Strauss-Kahn no momento en que denunciou o asalto, pero sen dúbida en-tendía que unha persoa que dorme nunha suite de 3.000 dólares por noite é unha persoa rica e influente. Nestas circunstancias, que pro-babilidades habería de que denunciase un asalto sexual aos seus supervisores? ● ["DSK and the union maid" Dean Baker, 24/05/11]

NAVADANYA INTER...: www.vandanashiva.org

UNIVERSITY OF KANSAS



## A enerxía nuclear atenta contra a democracia

[...] O maior custo da enerxía nuclear na India é a destrución da democracia e dos dereitos constitucionais. A enerxía nuclear ten que debilitar a democracia. Vimolo durante o proceso da sinatura do Acordo Nuclear cos EUA. E no es-cándalo dos "cartos por votos" durante a mo-ción de censura no Parlamento. E vémolos cada vez que se planifica unha nova planta nuclear.

[...] As alternativas son mil veces máis abundantes e millóns de veces menos perigo-sas. Exercer presión a favor das nucleares logo de Fukushima é pura demencia. ● ["Nuclear Insanity". Vandana Shiva, 25/05/11]

GAL... CONFIDENCIAL: www.galiciainconfidencial.com

DAVID C. LARA



## Movemento 15-M: que circunscripción única?

[...] A circunscripción debe ser única na co-munidade: votaremos aos representantes de Ga-liza e, de paso, desfacémonos das provincias e das deputacións, auténticos entes insostíbeis e ficticios na realidade galega. Xa que falamos de democracia participativa que mellor que o re-coñecemento das parroquias e dos barrios? De-bería ser un dos puntos a reclamar polas ase-mbleas. Rebaixar a barreira do 5% ao 3%. Limitar o gasto electoral que estaría suxeito a un con-trol estrito. Regular os horarios e tempo de emi-sión da propaganda electoral nos medios públi-cos... ● [Xurxo Martínez Glez, 29/05/11]

VERDEGAIA: www.verdegaia.org

VERDEGAIA



## Muros: coas nosas rías non se xoga!

Hoxe 5 de xuño, Día Mundial do Medio Am-biente, a Coordinadora en defensa da ría de Muros e Noia contra o cultivo intensivo de sal-món nas súas augas, integrada por máis de 40 colectivos entre confrarías, organizacións de produtores/as, ecoloxistas, sindicatos, etc. convocan unha manifestación en Muros baixo o lema "COAS NOSAS RÍAS NON SE XOGA". O percurso reivindicativo partirá ás 12h dende do porto de Muros e rematará tras a lectura do manifesto cunha xornada de convivio e lecer. Facemos un chamado a todas as organizacións sociais sensibilizadas... ● [17/05/11]